

RECURSOS ESTILÍSTICOS



1

Roubáronnos o Sol,
o pailebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco.

Roubáronnos o vento,
aquele veleiro que se evadeu
pola corda floxa do horizonte(…)

.....

2

Acorado e roibo
durmíase o día
coa testa deitada
na colo do río (…)
(…)

Polo mar as velas
eran folerpiñas (…)

.....

3

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
triste e escuro de día...
¡camiño longo
da miña vida !

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡vereda torta, ti onde me levas!

.....

4

A alma é unha roseira
florecida, callada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas

.....

5

Ía eu de camiño pola estrada escura e foi daquela cando me acordei de ti.
Sentía unhas poutas que me premían na gorxa ata non deixarme respirar. Sentín
unha dor escura e sen nome diante da imposibilidade da volta atrás. Sentín nun
lampo todo o baleiro da miña vida, pero non puiden deixar de pensar en ti.

Si, eu pensaba en ti mentres aquelas poutas me afogaban. Tiña coma un nó
de bágoas e saloucos no fondo do peito que non me deixaban respirar. Eu quero ir
para a miña casa, chorei.

.....

6

Tan só ti, soedade agreste,
asilo es do bardo digno!

.....

7

...e dorme, e camiña, e dorme, e prega...

.....

8

Non é o vento, son as crinas no ar

.....

9

Gaitiña, gaitiña, gaita
teu corazón encarnado,
vai estalando de pena

.....

10

Teño unha estrela noviña e campal
que sabe ler, escribir e contar

.....

11

Espreguízase o rexo castiñeiro
vello petrucio, pai de cen anadas

.....

12

Miña patria,
eu son o teu soldado máis forte.
A túa lingua é a miña espada,
cando debullo unha canción,
cando florece unha palabra
canta en min o labrego cavador.
Eu non son un home: son un pobo.

.....

13

Cando penso que te fuches
negra sombra que me asombras
ao pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa (···)

Se cantan es ti que canta

se choran es ti que chora

es o murmurio do río,

es o vento, es a aurora.

.....

14

Como cantaba aquel carro pola vella e fonda corredeira!

.....

15

Nesto miramos para a única árbore dos arredores. Fixamos a atención e aguzamos o oído. Escoitamos entón como falaban animadamente o corvo e o raposo...

.....

16

Que home tan alto! É máis alto ca o varal dos figos!

.....

17

O piano de cola, máis ca tocar falaba, aquela tarde en que te coñecín.

.....

18

A xélida neve impedía ver as bocas de entrada á minas de negro carbón.

.....

19

Cru cru cru, cantaba unha ra; cri cri cri, respóndelle o gilo; mentres, desde o outro lado do curral escoitábase o quiquiriquí do galo.

.....

20

Anoitecía e chovía, e non anoitecía por ningures. E a miña nai choraba e a miña avoa rezaba e eu non sabía que facer.

.....

21

Os seus amendoados ollos son nobre ópalo

.....

22

Razoaba tan mal! Tiña serrín na cabeza!



